

# Resolución do consello da F. do E. de Galicia de CC.OO. sobre a iniciativa legislativa popular

Recentemente foi presentada e admitida a tramite no Parlamento Galego unha iniciativa legislativa popular promovida pola UTEG-INTG sobre a equiparación ou homologación retributiva dos docentes con respecto ós demais funcionarios non docentes da Comunidade Autónoma. A F. do Ensino de CC.OO. de Galicia fai as seguintes consideracións sobre esta iniciativa:

1. Este sindicato valora positivamente a Iniciativa Lexislativa Popular na medida en que poida contribuir a incrementa-la sensibilización do sector sobre a reivindicación da homologación retributiva e populariza-las demandas do profesorado no conxunto da sociedade galega.

2. Por outra parte, á vista do texto da Proposición de Lei, entendemos que a iniciativa legislativa, no suposto de prosperar, non vai máis alá que o que xa recolle o Acordo do 6 de febreiro sobre este tema: a creación dunha comisión que faga un estudo das retribucións dos docentes. Acordo conseguido gracias á presión do profesorado na folga pasada e á firmeza na negociación.

3. CC.OO. está preocupada por entender que ó non se-lo Parlamento unha entidade de negociación colectiva, unha reivindicación sindical tan clara como esta corre o risco de ser distorsionada por esta institución (recórdese o intento do Goberno do PSOE de desvirtualas reivindicacións do 14-D no Parlamento Estatal). Entendemos que na medida en que o Parlamento Galego poidera entrar a enxuciar as nosas reivindicacións intentando descalificalas e hipotecando en ceda medida o futuro éxito delas, significaría un retroceso no dereito a negociación colectiva dos traballadores/as.

4. CC.OO. ve con preocupación que a documentación paralela presentada coa Proposición de Lei (véxase Escola Española do 19-10-89) teña un plantexamento regresivo respecto á demanda do Corpo único ó facer unha proposta retributiva diferenciada e superior para o profesorado de Medias (grupo A) respecto dos profesores de Básica e Mestres de Taller (grupo B), podendo abrir unha brecha nos diferentes colectivos. A unidade conquerida entre o profesorado de Básica e Medias desde o comento cos 80 foi unha das claves dos éxitos nas mobilizacións do profesorado na última década.

5. CC.OO. considera que unha reivindicación tan importante e difícil como a da homologación retributiva so se avanza nela si se aborda desde unha posición de ampla unidade sindical e co esforzo conxunto de todo o profesorado. CC.OO. fai desde aquí, unha vez máis, un chamamento a UTEG-INTG e ós demais sindicatos para poder elaborar unitariamente unha estratexia común que permita avanzar e supera-los atrancos que a homologación retributiva poida topar en Galicia.